

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1.^a,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 28.02.2018 Hora: 10:30

A Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 28 de febreiro de 2018, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 11067 (10/POC-004261)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis
Sobre os sistemas de prevención da corrupción, control interno e xestión de riscos implantados polo Goberno galego nas entidades directamente dependentes que integran o sector público autonómico
- 1.2 22014 (10/POC-003566)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do procedemento seguido pola Alcaldía de Pontecesures respecto da petición de retirada dun símbolo da ditadura franquista dun espazo público municipal e as medidas que ten previsto adoptar para garantir o cumprimento da Lei 52/2007
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018
- 1.3 22188 (10/POC-003611)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego do grao de cumprimento do Plan anual normativo de 2017 e do seu grao de transparencia en materia de planificación normativa, e as previsións para a aprobación do Plan anual normativo de 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018
- 1.4 24070 (10/POC-004011)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto e 10 máis

Sobre as repercusións que vai ter para os concellos galegos a aprobación do decreto que vai regular a introdución de medios electrónicos na elaboración das actas e resolucións das entidades locais

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018

1.5

24393 (10/POC-004058)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 13 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para preservar e xestionar o patrimonio cultural do Centro Galego de Bos Aires, a súa valoración en relación coa xestión levada a cabo a través da Fundación Galicia Saúde e as medidas que vai adoptar no caso de que a entidade crebe e non teña comprador

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 08.02.2018

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1

15753 (10/PNC-001353)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun portal do voluntariado de protección civil que permita levar a cabo xestións, consultas e actuacións, así como coñecer polo miúdo as actuacións, programas e proxectos da Xunta de Galicia nese ámbito

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017

2.2

20549 (10/PNC-001673)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a creación polo Goberno galego na Dirección Xeral de Xustiza dunha unidade específica encargada de facer cumprir as leis contra a violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 219, do 29.11.2017

2.3

24756 (10/PNC-001942)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa creación en Galicia, no ano 2018, de novos xulgados de violencia machista, así como as actuacións que debe levar a cabo en relación coa atención que se presta ás mulleres vítimas neles e en todos os sectores da xustiza

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 255, do 07.02.2018

2.4

24910 (10/PNC-001947)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen

Sobre o destino polo Goberno galego dunha partida orzamentaria específica para a substitución das xuízas e dos xuíces nos xulgados de violencia contra a muller da Coruña e Vigo, a súa dotación dos medios humanos e económicos axeitados, así como a de todos aqueles que se ocupen dese ámbito

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 255, do 07.02.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

César Manuel Fernández Gil

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 21/02/2018 13:26:06

**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1.^a, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**
POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
César Manuel Fernández Gil	P
Vicepresidenta	
María Julia Rodríguez Barreira	P
Secretaria	
Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 28.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 28.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 11067(10/POC-004261)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre os sistemas de prevención da corrupción, control interno e xestión de riscos implantados polo Goberno galego nas entidades directamente dependentes que integran o sector público autonómico



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2017 11:52
Nº Rexistro: 11067
Data envío: 27/06/2017 11:52:10.298



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento


Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo e Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Como se vén reiterando cada mes nos barómetros do CIS, a corrupción e a fraude sitúase como a segunda principal preocupación da cidadanía.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia vén presentando de forma sistemática iniciativas urxentes para que Galicia dispoña de instrumentos avanzados de prevención e loita contra a corrupción e a fraude. A regulación dos grupos de presión, a protección integral das persoas denunciante de casos de corrupción, a supresión do aforamento dos deputados e deputadas do Parlamento galego ou a mellora cualitativa das políticas de transparencia e bo goberno por parte da Xunta de Galicia son medidas irrenunciáveis.

O propio Consello de Contas de Galicia, con motivo da Lei 8/2015, do 7 de agosto, vén de asumir novas competencias en materia de prevención da corrupción, que desenvolverá por primeira vez no Plan anual de traballo do exercicio 2017. Neste plan avaliarase, entre outros aspectos, o deseño e a implantación de sistemas de prevención da corrupción, de control interno e de xestión de riscos nas entidades integrantes do sector público autonómico, comprobando o axeitado deseño e a implantación das políticas de integridade. En materia de xestión de fondos europeos a avaliación dos controis, tanto preventivos como “ex post”, debe ter unha especial intensidade, considerando as orientacións, directrices e recomendacións da Comisión Europea para a avaliación do risco da fraude e medidas efectivas e proporcionadas contra a fraude na xestión de fondos estruturais e de investimento europeos.

Sen prexuízo dos informes, conclusións e recomendacións que formule o Consello de Contas na aplicación do seu Plan de traballo de 2017, que serán obxecto de análise e debate na correspondente comisión parlamentaria, cómpre coñecer a situación actual na que se encontra a Administración galega na adopción de sistemas de prevención da corrupción.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2017 11:52
Nº Rexistro: 11067
Data envío: 27/06/2017 11:52:10.298



 **Grupo Parlamentario**

Polo exposto, o deputado e a deputada que asinan preguntan:

Que sistemas de prevención da corrupción, control interno e xestión de riscos ten implantado o Goberno galego nas entidades directamente dependentes que integran o sector público autonómico?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 23 de xuño de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/06/2017 10:33:42

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/06/2017 10:33:54

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/06/2017 10:34:01

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 28.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 22014(10/POC-003566)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia do procedemento seguido pola Alcaldía de Pontecesures respecto da petición de retirada dun símbolo da ditadura franquista dun espazo público municipal e as medidas que ten previsto adoptar para garantir o cumprimento da Lei 52/2007

Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22014
Data envío: 02/01/2018 17:25:26.396

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

1. O goberno municipal de Pontecesures, mediante bando publicado polo seu alcalde o 23 de outubro de 2017, promoveu unha consulta popular sobre a retirada dun símbolo franquista, concretamente a representación do xugo e as flechas que figura no pilón de Carreiras. Esta iniciativa do alcalde foi resposta a unha solicitude da voceira do grupo municipal do BNG pedindo a retirada deste símbolo en cumprimento da lei de 52/2007, coñecida como lei de memoria histórica. A oportunidade desta medida viña dada pola realización de obras na contorna da citada fonte.

2. Non existe constancia de que a citada consulta se fixese seguindo a normativa vixente, polo que carecería de validez legal. Cúmpre lembrar a este respecto que as consultas populares por parte dos concellos están reguladas no artigo 71 da Lei de Bases de Rexime Local, que establece o seguinte:

“De conformidade coa lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, cando esta teña competencia estatutariamente atribuída para iso, os Alcaldes, previo acordo por maioría absoluta do Pleno e autorización do goberno da Nación, poderán someter a consulta popular aqueles asuntos de competencia propia municipal e de



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22014
Data envío: 02/01/2018 17:25:26.396

carácter local que sexan de especial relevancia para os intereses dos veciños, con excepción dos relativos á Facenda Local”.

3. Máis alá do incumprimento da normativa de consultas populares e da falta de validez legal do procedemento seguido pola alcaldía de Pontecesures, o que pon de relevo este caso é a resistencia dun goberno do PP a retirar un símbolo franquista do espazo público, cuestión que debería realizarse non xa en cumprimento da citada lei 52/2007 de memoria histórica, senón por un elemental sentido democrático, de condena do fascismo e da súa simboloxía.

Porque a estas alturas cuestionar que o xugo e as flechas é un símbolo fascista, unha representación inequívoca de exaltación da Ditadura franquista, é unha auténtica provocación, unha infamia e unha ofensa contra as vítimas da represión e as súas familias. E máis alá disto, é un atentado contra a decencia, un ataque aos dereitos fundamentais e unha burla aos valores democráticos.

Unha vez máis comprobamos a dobre moral do PP: mentres di condenar o franquismo e solidarizarse coas vítimas da Ditadura, na práctica ampara, promove e defende a pervivencia dos seus símbolos.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do procedemento seguido pola Alcaldía de Pontecesures a respecto da petición de retirada dun símbolo da Ditadura franquista dun espazo público municipal?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22014
Data envío: 02/01/2018 17:25:26.396

2. Comparte o goberno galego a negativa do alcalde deste concello a retirar un símbolo de exaltación da Ditadura franquista?

3. Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galiza a respecto do cumprimento da lei por parte deste concello galego?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2018 17:24:27

María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2018 17:24:32



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 22014
Data envío: 02/01/2018 17:25:26.396

Ana Pontón Mondelo na data 02/01/2018 17:24:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/01/2018 17:24:35

Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2018 17:24:36

Noa Presas Bergantiños na data 02/01/2018 17:24:38

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 28.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 22188(10/POC-003611)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do grao de
cumprimento do Plan anual normativo de 2017 e do seu grao de
transparencia en materia de planificación normativa, e as
previsións para a aprobación do Plan anual normativo de 2018

Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 10:41
Nº Rexistro: 22188
Data envío: 04/01/2018 10:41:19.813



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O Consello da Xunta de Galicia do 24 de maio de 2017 acordou a aprobación e posterior publicación no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia do Plan Anual Normativo 2017, que inclúe, segundo sinala a correspondente referencia, todas as iniciativas lexislativas e regulamentarias que se prevé aprobar no ano 2017, para a súa posta á disposición e coñecemento por parte da cidadanía galega, que son 11 leis, 69 decretos e 25 ordes. A coordinación e seguimento do Plan anual normativo 2017 estaba a cargo da Vicepresidencia da Xunta de Galicia, que no primeiro trimestre de 2018 informará do grao de cumprimento do plan.

Este acordo non deixa de dar cumprimento ao disposto no artigo 132 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que en materia de planificación normativa sinala que anualmente as administracións públicas farán público un Plan normativo que conterá as iniciativas legais ou regulamentarias que vaian ser elevadas para a súa aprobación no ano seguinte.

Non obstante as previsións deste acordo do Consello, rematado o ano 2017 evidénciase un alto grao de incumprimento do Plan normativo de 2017, xa que das 11 leis previstas unicamente se presentaron 5 e dos 69 decretos anunciados non se aprobaron 34.

Entre as iniciativas lexislativas, deixáronse sen presentar textos tan importantes como a Lei de patrimonio, a Lei do patrimonio natural, a Lei de emprego de Galicia, ou a Lei de ordenación farmacéutica.

Outras, como a Lei de iniciativa empresarial, tivo que presentarse como proposición de lei a través do Grupo Parlamentario do PP, salvando así informes preceptivos que se lle requiren ao Goberno.

No caso dos decretos, o Goberno galego deixou sen regular todo o paquete normativo relativo ao deporte de alto nivel, disciplina deportiva ou persecución da dopaxe, deixando unha vez máis sen desenvolver a Lei do deporte de Galicia de 2012.

Tampouco se revisou a coordinación das Policía Local de Galicia como estaba previsto, o control da calidade dos servizos públicos, o proceso de funcionarización no emprego público autonómico nin se desenvolveu a normativa para transporte público de persoas en vehículos de turismo; vivenda protexida, a regulación da transferencia de resultados da investigación no sistema de saúde, servizos sociais ou a Risga foron outros ámbitos regulamentarios que a Xunta de Galicia non abordou conforme ás súas previsións normativas.

Pero ademais, o nivel de transparencia do Goberno galego nesta importante materia xera gran confusión. A título de exemplo, na páxina web de transparencia da Xunta de Galicia, a data de 22/12/2017, no apartado “*Pendente de aprobación*” dentro da “*Normativa en tramitación*” aparecen as referencias de proxectos de decretos que na maioría dos casos non se facían constar no Plan anual normativo dado a coñecer; ou no apartado “*En prazo de suxestión*”, aparecen dispoñibles para consulta só tres normativas en tramitación.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego do grao de cumprimento do Plan anual normativo de 2017?
2. Que valoración fai o Goberno galego do seu grao de transparencia en materia de planificación normativa?
3. Que previsións ten o Goberno galego para a aprobación do Plan anual normativo de 2018?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro de 2018

Asdo.: Juan Manuel Díaz Villoslada
Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2018 10:41
Nº Rexistro: 22188
Data envío: 04/01/2018 10:41:19.813



 **Grupo Parlamentario**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 04/01/2018 10:39:20

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/01/2018 10:39:25

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/01/2018 10:39:31

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 28.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 24070(10/POC-004011)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 10 máis

Sobre as repercusións que vai ter para os concellos galegos a aprobación do decreto que vai regular a introdución de medios electrónicos na elaboración das actas e resolucións das entidades locais

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 13:05
Nº Rexistro: 24070
Data envío: 24/01/2018 13:05:09.539

A Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Antonio Mouriño Villar, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Diego Calvo Pouso, Julia Rodríguez Barreira, Jacobo Moreira Ferro, Raquel Arias Rodríguez, Guadalupe Murillo Solís e Moisés Blanco Paradelo, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O Art. 52.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, obriga ás entidades locais a formalizar as actas dos seus órganos colexiados e as resolucións da súa presidencia, nos correspondentes libros de actas e de resolucións.

Estes libros teñen a consideración de instrumentos públicos solemnes e obrigatorios. Tras a entrada en vigor a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as entidades locais, da mesma forma que o resto das administracións públicas, atópanse cun novo escenario normativo que as obriga a usar medios electrónicos nas súas actuacións.

A Xunta de Galicia no uso das súas competencias ditou o Decreto 101/1983, do 14 de xullo, sobre libros de actas de acordos e resolucións das corporacións locais e o Decreto 418/2001 de 29 de novembro, polo que se regula o papel numerado especial da Comunidade Autónoma de Galicia para o uso das corporacións locais. En ambos decretos recóllese exclusivamente como sistema de transcripción o mecánico.

Na actualidade, o Goberno galego está tramitando o instrumento normativo que de conformidade coas esixencias legais actuais, adoita a utilización de medios electrónicos para a formalización das actas dos órganos colexiados e das resolucións da presidencia en entidades locais de Galicia.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que vai supoñer para as entidades locais de Galicia a aprobación do *Decreto* polo que regula a introdución de medios electrónicos na elaboración das actas e resolucións das entidades locais galegas?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.pdgalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2018 13:05
Nº Rexistro: 24070
Data envío: 24/01/2018 13:05:09.539

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 24/01/2018 12:58:56

Paula Prado Del Río na data 24/01/2018 12:59:05

Antonio Mouriño Villar na data 24/01/2018 12:59:14

María Isabel Novo Fariña na data 24/01/2018 12:59:25

César Manuel Fernández Gil na data 24/01/2018 12:59:37

Diego Calvo Pouso na data 24/01/2018 12:59:40

María Julia Rodríguez Barreira na data 24/01/2018 12:59:46

Jacobo Moreira Ferro na data 24/01/2018 12:59:54

Raquel Arias Rodríguez na data 24/01/2018 13:00:03

María Guadalupe Murillo Solís na data 24/01/2018 13:00:10

Moisés Blanco Paradelo na data 24/01/2018 13:00:18

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 28.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 24393(10/POC-004058)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 13 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para preservar e xestionar o patrimonio cultural do Centro Galego de Bos Aires, a súa valoración en relación coa xestión levada a cabo a través da Fundación Galicia Saúde e as medidas que vai adoptar no caso de que a entidade crebe e non teña comprador

Publicación da iniciativa, 256, 08.02.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez, Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carme Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Manuel Lago Peñas, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araújo, Davide Rodríguez Estévez e Eva Solla Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para o seu debate en **Comisión**.

O Centro Galego de Bos Aires, histórica institución da emigración galega, é unha entidade privada con 110 anos de historia, que comezou o 2 de maio de 1907 ca reunión de asociacións galegas onde se asinou a Acta de Fundación na que se establecían os obxectivos da mesma organización e do centro, para satisfacer as necesidades do colectivo da inmigración galega, cun centro hospitalario e cultural.

O CGBA conta cunha sede de 34.000 metros cadrados (seis pisos e dous sotos), 60 salas de consulta, 6 quirófanos, 500 camas, axudou aos inmigrantes con cursos de alfabetización, ca creación dunha oficina de Traballo e Inmigración e con asistencia sanitaria. O centro estableceuse no inmovible do Centro na Avenida Belgrano despois de estar noutra localización anteriormente.



Ribera Salud e a fundación arxentina Favaloro, iniciaron conversas a finais do pasado ano 2017, para mercar o edificio por 42 millóns de euros e tiñan previsto destinar 60 millóns en modernizar o seu equipamento.

Finalmente, as negociacións mantidas entre a administración do Centro Galego e Ribera Salud e Favaloro, contiñan unha serie de condicións, segundo estes últimos, a saber:

- a adquisición do inmovible, entre outras, debendo negociar o importe en base ao valor en libros revisable e prazo de pago,
- asunción por a nova sociedade da responsabilidade sobre a xestión realizada por a administración e anteriores directivas do CGBA,
- o mantemento nas mesmas condicións ao persoal traballador, mutualistas,
- e o recoñecemento expreso da propiedade das obras en mans da mutualidade, mediante outorgamento gratuito e a perpetuidade á asociación mutualista do Centro Galego.

Nesta última, recollíase expresamente a cesión das dependencias do Teatro Castelao, a sala de sesións, presidencia e Ramón Otero Pedrayo, así como todas aquelas destinadas a preservar o patrimonio histórico e cultural como a pinacoteca, biblioteca e demais obras de arte. Ademais, requiríase o funcionamento da asociación nas instalacións, sendo esta sempre a propietaria e quen defina no seu caso o destino definitivo de todo o patrimonio, non podendo trasladarse fóra da Arxentina.



Todas estas condicións, que non eran as iniciais, segundo Ribera Salud e a fundación Favaloro provocaron a ruptura das negociacións, que foi comunicado por carta á administración do CGBA.

O vasto patrimonio cultural que o CGBA alberga quedarán en mans do goberno arxentino para a satisfacción do pago aos acredores, de non aparecer outra compradora ou interesada.

O Consello da Cultura Galega emitiu un informe publicado neste mes de xaneiro, “informe sobre os fondos patrimoniais e culturais do Centro Galego de Bos Aires”, no que se recorda o deber da Xunta de Galicia de protexer o legado cultural existente fóra do territorio de Galicia en base a o artigo 27 da Lei 7/2013 da galeguidade e do artigo 4 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

O artigo 27 recolle a obriga da Comunidade Autónoma de Galicia, en colaboración coas comunidades galegas asentadas fóra de Galicia, de desenvolver entre outras, as seguintes actuacións en defensa e protección do patrimonio cultural galego no exterior:

1. A Comunidade Autónoma de Galicia colaborará na preservación e conservación do patrimonio cultural das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia e velará polo seu destino no caso da disolución destas. Para iso, nos casos en que a normativa o permita, aquel patrimonio cultural e, de forma especial, o documental, sonoro e inmaterial que para a súa preservación deba ser conservado en Galicia será destinado, segundo o caso, ao Arquivo da Emigración Galega e ao Arquivo Sonoro de Galicia, órganos dependentes do Consello da Cultura Galega, que velará pola súa conservación, catalogación e difusión.
2. Así mesmo a Xunta de Galicia velará pola conservación do patrimonio da colectividade galega no exterior, así como polo mantemento da memoria



histórica dos galegos e das galegas emigrados, mediante, entre outras, as seguintes accións:

- 1) Catalogación e inventario do patrimonio galego no exterior, especialmente das entidades e centros galegos.
- 2) Posta en valor do legado da emigración coa declaración de patrimonio cultural de Galicia a aqueles centros e entidades centenarias.
- 3) Difusión e posta en valor do patrimonio material e inmaterial da emigración galega coa creación dunha rede virtual e con accións de recoñecemento.

Á vista do Informe do O Consello Cultural de Galicia, que reproducimos de seguido, o patrimonio é inmenso: “Entre os fondos atópanse colección de obras de arte, doadas por artistas e socios ou mercadas polas diferentes directivas, que inclúen obras pictóricas, estatuas, esculturas, sinala este informe do OCCG. Entre eles obras de Castelao, Laxeiro, Viveros, Luis Aquino, Francisco Lamas, Manuel Oliveira, Demetrio Urruchua, Manuel Torres, José Solla, Samuel Mallo, Leopoldo Nóvoa García, Luís Seoane, Carlos Maside, Dolores Freixas, Manuel Escudero, Carlos Cañas, José María Moraña, Gustavo Fernández, Lorenzo Carballo.

Tamén conta cunha colección de partituras musicais orixinais, obras corais e sinfónicas, obras que foran encargadas pola Comisión de Cultura e sempre relacionadas coa colectividade galega. Así mesmo, dispón dun arquivo sonoro importantísimo para o estudo da cultura e a historia de Galicia, pois componse de gravacións de conferencias e actos nos que participaron intelectuais galegos e arxentinos tales como Alfonso Castelao, Ramón Otero Pedrayo, Martínez Risco, Álvaro Cunqueiro, Eduardo Blanco-Amor, Battistesa ou Ghioldi. Sen esquecermos do importante patrimonio fotográfico que conserva nas súas instalacións.”

O Plenario do Consello da Cultura Galega, na súa sesión ordinaria celebrada no día 9 de xaneiro de 2018, coa asistencia como membro de honra do Presidente de Galicia, propuxo o cumprimento do artigo 4 da Lei do Patrimonio cultural de Galicia, “A Xunta de Galicia promoverá a salvagarda do patrimonio cultural de Galicia que se atope no exterior, especialmente en Latinoamérica, e alí onde exista unha presenza significativa de comunidades galegas.”

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para o seu debate en Comisión:

Que vai facer a Xunta de Galicia para preservar o patrimonio do CGBA?

Como vai xestionar ese legado?

Ten constancia a Xunta do cambio de lexislación en Arxentina que permitiría saír o patrimonio cultural de CGBA do país?

Que valoración fai a Xunta de Galicia da xestión que se fixo a través da Fundación Galicia Saúde no CGBA?

Que medidas vai adoptar a Xunta no caso de que a entidade crebe e non teña comprador? Atenderanse aos mutualistas? E que pasará co patrimonio cultural? Levarase a cabo algún Convenio co goberno de Arxentina para protexer e conservar o patrimonio na Arxentina, coa colaboración da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 30/01/2018 11:50:30

Luca Chao Pérez na data 30/01/2018 11:50:41

Paula Vázquez Verao na data 30/01/2018 11:51:09

Luis Villares Naveira na data 30/01/2018 11:51:15

Juan José Merlo Lorenzo na data 30/01/2018 11:51:21

Carmen Santos Queiruga na data 30/01/2018 11:51:23

Antón Sánchez García na data 30/01/2018 11:51:26

Eva Solla Fernández na data 30/01/2018 11:51:29

Paula Quinteiro Araújo na data 30/01/2018 11:51:32

Magdalena Barahona Martín na data 30/01/2018 11:51:35

José Manuel Lago Peñas na data 30/01/2018 11:51:37

Francisco Casal Vidal na data 30/01/2018 11:51:41

David Rodríguez Estévez na data 30/01/2018 11:51:44

Marcos Cal Ogando na data 30/01/2018 11:51:48

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 28.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 28.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 15753(10/PNC-001353)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun portal do voluntariado de protección civil que permita levar a cabo xestións, consultas e actuacións, así como coñecer polo miúdo as actuacións, programas e proxectos da Xunta de Galicia nese ámbito

Publicación da iniciativa, 174, 13.09.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15753
Data envío: 07/09/2017 16:27:50.734

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Prado del Río, César Fernández Gil, Antonio Mouriño Villar, Jacobo Moreira Ferro, Alberto Pazos Couñago, Julia Rodríguez Barreira e Isabel Novo Fariña**, ao abeiro do disposto nos artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos:

As agrupacións de voluntarios de protección civil teñen sido especialmente atendidas pola Xunta de Galicia na anterior lexislatura. Cun investimento millonario, máis de 170 agrupacións de distintos concellos galegos recibiron máis de 70 vehículos pick-up, máis de 60 remolques, máis de 40 furgóns, máis de 40 espaxadores de sal e máis de 20 embarcacións de salvamento.

Este impulso pola dotación de medios, que se completa con outros equipamentos como os equipos de excarceración ou os instrumentos para a loita contra a vespa velutina, continúa nesta lexislatura, pero o Grupo Parlamentario Popular considera que debe complementarse con novos medios operativos para facilitar a importante labor destes voluntarios.

No programa electoral co que o Partido Popular de Galicia concurría nas pasadas eleccións autonómicas do 2016 e conquería a maioría absoluta recollíase a intención para esta lexislatura de facilitar a comunicación, transparencia e coñecemento mutuo entre o voluntariado de protección civil e a administración, a través da posta en marcha dun Portal de Voluntariado que permitirá levar a cabo xestións, consultas e actuacións, e mesmo coñecer polo miúdo as actuacións, programas e proxectos da Xunta de Galicia neste ámbito.

Polo tanto, e de conformidade co anterior, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15753
Data envío: 07/09/2017 16:27:50.734

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a posta en marcha dun Portal do Voluntariado de Protección Civil que permita levar a cabo xestións, consultas e actuacións, e mesmo coñecer polo miúdo as actuacións, programas, e proxectos da Xunta neste ámbito”.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/09/2017 16:23:51

Paula Prado Del Río na data 07/09/2017 16:24:00

César Manuel Fernández Gil na data 07/09/2017 16:24:10

Antonio Mouriño Villar na data 07/09/2017 16:24:13

Jacobo Moreira Ferro na data 07/09/2017 16:24:21

Alberto Pazos Couñago na data 07/09/2017 16:24:33

María Julia Rodríguez Barreira na data 07/09/2017 16:24:43

María Isabel Novo Fariña na data 07/09/2017 16:24:51

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 28.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 20549(10/PNC-001673)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a creación polo Goberno galego na Dirección Xeral de
Xustiza dunha unidade específica encargada de facer cumprir
as leis contra a violencia de xénero

Publicación da iniciativa, 219, 29.11.2017

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á creación dunha unidade específica no ámbito da Dirección xeral de xustiza encargada de facer cumprir as leis contra a violencia de xénero.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ONU declarou en 1980 que a violencia machista é o crime máis encuberto do mundo. Décadas antes o feminismo denunciaba a existencia dunha violencia que se exercía contra as mulleres polo simples feito de selo, e sinalaban a súa invisibilidade e ocultamento social.

É innegábel que o feminismo foi quen de mover os ríxidos marcos que invisibilizaban e normalizaban a violencia de xénero, máis **queda moito por facer** para ganarlle a batalla á violencia machista.

Cada ano máis de 5000 mulleres acoden aos xulgados galegos a poñer denuncias, e isto é só a punta do iceberg. Estímase que só un 20% dos casos chega aos xulgados. Necesitamos situar como un problema de estado a violencia machista e darlle un impulso decidido ao cumprimento das leis e a unha mellora da resposta institucional.

Concretamente, é clave un desenvolvemento pleno e máis xusta das leis, para que estas non se queden nunha mera declaración formal e se proceda a súa aplicación material.

Nese sentido a creación dunha unidade específica no ámbito da Dirección xeral de xustiza encargada de facer cumprir as leis contra a violencia de xénero.

Polo dito, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a crear, no prazo de seis meses, unha unidade específica na dirección xeral de xustiza encargada de facer cumprir as leis contra a violencia de xénero. E, como mínimo, cos seguintes obxectivos a desenvolver:

- impulsar xulgados específicos de violencia de xénero en todas as cidades;
- garantir a formación en violencia de xénero de todo o persoal que intervéñ no proceso xudicial, incluídos equipos forenses e psicosociais;
- evitar a violencia institucional, por exemplo, gravando as declaracións das mulleres para que non teñan que repetila, unha e outra vez, ao longo de todo o proceso de denuncia;
- garantir que a vítima non teña que estar agardando na mesma sala que o agresor;
- dotar dos medios necesarios as oficinas de atención á vítima;



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2017 17:09
Nº Rexistro: 20549
Data envío: 22/11/2017 17:09:31.989

- que a avaliación de risco non só parta da exploración da vítima, se non que se realice, tanto pola policía como polas unidades de valoración do IMELGA, unha avaliación do agresor para detectar risco á hora de adoptar as medidas de protección tanto das mulleres como dos menores.
- dotar aos servizos de garda dos xulgados de persoal especializado para atender as denuncias de violencia de xénero.”

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/11/2017 17:08:01



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2017 17:09
Nº Rexistro: 20549
Data envío: 22/11/2017 17:09:31.989

María Montserrat Prado Cores na data 22/11/2017 17:08:06

Olalla Rodil Fernández na data 22/11/2017 17:08:08

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/11/2017 17:08:13

Xosé Luis Bará Torres na data 22/11/2017 17:08:16

Ana Pontón Mondelo na data 22/11/2017 17:08:18

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 28.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 24756(10/PNC-001942)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa creación en Galicia, no ano 2018, de novos xulgados de violencia machista, así como as actuacións que debe levar a cabo en relación coa atención que se presta ás mulleres vítimas neles e en todos os sectores da xustiza

Publicación da iniciativa, 255, 07.02.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 24756
Data envío: 31/01/2018 19:11:05.280



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

Nas sete principais cidades de Galicia había abertas oficinas de atención psicolóxica a vítimas de violencia machista. Este servizo cubríase, en fase de probas, mediante un convenio co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ata o de agora, pero nestes días soubemos que Vicepresidencia decidiu sacar a concurso as 7 prazas, asumindo entón a súa xestión.

Ocorre que o convenio remata neste mes de xaneiro, polo que haberá un tempo ata a contratación directa dos e das profesionais por parte da Xunta de Galicia (e que o Goberno non é capaz de cuantificar), no que as oficinas xudiciais de apoio non estarán operativas. O que preocupa fondamente a este grupo parlamentario.

Garantir a protección das vítimas e atendelas como corresponde nas dependencias xudiciais ten que ser cuestión prioritaria, tal e como recolle especificamente a Lei orgánica de 2004. Non obstante, en Galicia só hai 2 xulgados específicos de violencia contra a Muller, en Vigo e en A Coruña e, pese ao avance que supuxo o servizo de oficinas de psicólogos, agora os xulgados quedarán sen elas.



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que demande do Goberno do Estado a creación de novos xulgados de violencia sobre a muller para Galicia en 2018.
2. Que acorde unha solución provisional para o tempo entre o final do convenio co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a implantación dun procedemento de contratación directa dos profesionais das oficinas de atención psicolóxica a vítimas de violencia machista.
3. Que poña en marcha o acompañamento xudicial personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero.
4. Que proceda á revisión de todas as dependencias xudiciais de maneira que, inmediatamente, efectúe as reformas necesarias habilitando espazos independentes para evitar o cruce entre vítimas e agresores.
5. Que, tamén de maneira inmediata, se dote de persoal necesario a estes xulgados.
6. Que incremente a formación específica e periódica en violencia de xénero a todos os sectores da xustiza en Galicia.

Pazo do Parlamento, 31 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 31/01/2018 18:56:00

María Luisa Pierres López na data 31/01/2018 18:56:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 09:30
Nº Rexistro: 24756
Data envío: 31/01/2018 19:11:05.280



 [Grupo Parlamentario](#)

Julio Torrado Quintela na data 31/01/2018 18:56:10

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 31/01/2018 18:56:17

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 31/01/2018 18:56:23

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 31/01/2018 18:56:26

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 28.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 24910(10/PNC-001947)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen

Sobre o destino polo Goberno galego dunha partida
orzamentaria específica para a substitución das xuízas e dos
xuíces nos xulgados de violencia contra a muller da Coruña e
Vigo, a súa dotación dos medios humanos e económicos
axeitados, así como a de todos aqueles que se ocupen dese
ámbito

Publicación da iniciativa, 255, 07.02.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira e Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara formula a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 1.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Xulgado de Violencia contra a Muller da Coruña xunto co Xulgado de Violencia de Vigo son o dous xulgados específicos de Violencia contra a Muller existentes na nosa comunidade. Nos lugares onde non existen son os Xulgados de Instancia e Instrución os que coñecen destes asuntos. No caso de non existir xuíz ou xuíza substituta, coñece dos asuntos nesta materia o xulgado de garda.

Onte coñecíamos que este Xulgado específico de Violencia contra a muller da Coruña volvía quedarse sen xuíza de xeito temporal, por ausentarse á persoa titular para a realización dun curso. Tendo constancia seguramente un mes ou máis antes desta circunstancia, non se procedeu ao nomeamento dunha xuíza substituta ata o momento no que a titular se volva a reincorporar ao seu posto.

Ademais, ao comezo do ano, existen fondos para nomeamento de xuízas e xuíces substitutas, para proceder á substitución desta praza, non tendo o Ministerio de Xustiza ningunha motivación para non proceder a ese nomeamento salvo que non se queira facer por desidia.

Noutros xulgados, este trámite faise de forma automática, pero non no xulgado de Violencia contra a Muller da Coruña que xa padeceu o ano pasado 2017, no mes de agosto, a mesma “circunstancia imprevista” cando a persoa titular colleu, no ámbito do seus dereitos laborais, as súas vacacións. Nesta ocasión, o Ministerio de Xustiza alegara que se acabaran a partida orzamentaria para a substitución de xuíces e xuízas.

Remarcamos este feito, porque ao igual que acontece agora, estas dúas circunstancias son comunicadas con antelación mínima dun ou varios meses, para que se proceda a nomear unha persoa substituta,. Se non se fai o nomeamento é realmente porque non se quere, e isto nun ámbito tan sensible como o da Violencia contra as mulleres. Este “desamparo orzamentario” como o cualifican os sindicatos do sector xustiza, ten moito que ver co desleixo e cos recortes que se producen no ámbito xudicial e especificamente no ámbito da violencia contra as mulleres, provocando un desamparo tripla as vítimas. Desamparo cando teñen que denunciar en dependencias policiais, desamparo durante o inicio do procedemento nos xulgados, con persoal que non ten formación específica ou como no caso que non é substituído e desamparo nos momentos posteriores a sentenza.

Isto prexudica de xeito crucial ás vítimas, que estes días van ser atendidas polo xulgado de garda.

Non parece moi acertado que existindo fondos (acabamos de comezar o ano 2018) non se nomee unha persoa substituta, e sexa algo normalizado que o xulgado específico de Violencia de Xénero da Coruña, quede sen substituta nesta área, cando noutros xulgados si que contan case de xeito automático con persoal substituto e os eu orzamento específico para estes casos. Ademais, isto provoca



un retraso na toma de medidas civís e penais, que afectan a todo o procedemento sendo as principais prexudicadas as mulleres.

Durante o permiso da persoa titular do Xulgado de Violencia contra a Muller da Coruña suspenderanse máis de 30 declaracións e 5 vistas, que xa estaban programadas dende había meses e que quedan aprazadas ata o mes de abril.

As políticas e decisións de todas as institucións non deben mirar cara outro lado. A violencia de Xénero é un problema de toda a sociedade, e só toda a cidadanía conxuntamente, con políticas e medidas xustas e encamiñadas á súa erradicación poden dar froitos. Recortar en materia xudicial e orzamentaria, poñer menos recursos á disposición das mulleres, só implica que esta loita se desvaneza e implique desigualdades.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.^a

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a dirixirse ao Ministerio de Xustiza do Estado español para:

- 1.- Dotar dunha partida orzamentaria específica para a substitución de xuízas e xuíces a estes Xulgados de Violencia contra a Muller, que garanta sempre a existencia de xuíza ou xuíz titular, atendendo de forma ordinaria o xulgado, sen que se produzan suspensións das actuacións por ausencia da persoa titular do mesmo.
- 2.- Dotar de medios axeitados, tanto económicos como humanos, a todos os xulgados específicos de Violencia de Xénero e todos aqueles que ademais se ocupen deste ámbito, para garantir os dereitos das vítimas, dentro do marco contra a violencia machista e a vontade férrea de todas as institucións de loitar contra esta lacra da sociedade.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 17:14
Nº Rexistro: 24910
Data envío: 01/02/2018 17:14:03.052

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Deputados e Voceiros do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 01/02/2018 17:12:07

Carmen Santos Queiruga na data 01/02/2018 17:12:24